

Número 8 - Ano 2017

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

18 de agosto de 2017

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas dez minutos do día dezoito de agosto de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excmo. Sra. Alcadesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, SR. DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e catro concelleiros de feito dos vinte e cinco de dereito, incluída a presidenta.

Non asisten a ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, que xustificou a súa ausencia por encontrarse de vacacións, a SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, que xustificou a súa ausencia por motivos persoais, e a SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO.



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ está ausente unha vez iniciada a consideración dun asunto número 2/150 e non estivo presente no momento da súa votación.

Dá fe do acto o Técnico de Administración Xeral e Adxunto do Servizo de Urbanismo, don Justo Díaz Rodríguez, que actúa como Vicesecretario accidental, de acordo coa Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 2 de xuño de 2017, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

PARTE RESOLUTIVA

INTERVENCIÓN

1/149 DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2017, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA. SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2017 E MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA: BASE EXECUCIÓN PRESUPOSTO 24.E), SUBVENCIONES NOMINATIVAS. INCLUSIÓN BASE DE EXECUCIÓN NÚM. 24 BIS, APORTACIÓNS ORDINARIAS A ENTIDADES PARTICIPADAS. MODIFICACIÓN DO PUNTO 2 DA BASE NÚM. 18 j), DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.- O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar a admisión da alegación Terceira relativa á modificación da Base de Execución Orzamentaria. Base núm. 24.E Subvencións nominativas, formulada por D. José Manuel Vázquez Morán, con DNI 33333670T, a pesar non ter condición de alegación por non axustarse aos criterios taxados no artigo 170.2 do RDL 2/2004 (vid Informe de Intervención Ref. 497/2017 que consta no expediente), en aras de fomentar a liberdade e transparencia e favorecer así, a participación dos cidadáns nos asuntos de xestión municipal.

SEGUNDO.- Declarar a admisión das restantes alegacións formuladas D. José Manuel Vázquez Morán, con DNI 33333670T, con base nas consideracións realizadas no informe de Intervención que consta no expediente.

TERCEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por D. José Manuel Vázquez Morán, con DNI 33333670T en base ás consideracións realizadas no informe de Intervención que figura no expediente.

CUARTO.- Aprobar definitivamente, unha vez rematado o prazo de exposición pública para alegacións e resoltas estas, a **Modificación Orzamentaria. Crédito Extraordinario, (Expdte CE núm. 1/2017),**

ESTADO DE GASTOS

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
17RT00004	13200.61900	Novas actuacións e instalacións Sala Control Tráfico	30.000,00
	13200.63200	Sala Tiro Edificio Policía Local	58.000,00
17RT00008	15100.60900	Eliminación tapón urbanístico	110.000,00
17RT00016	16520.60900	Iluminación P. Zona Rural	20.000,00
17RT00017	17000.60900	Rede calor biomasa parque Milagrosa	258.752,00
17RT00021	33312.63200	Centro Sociocultural Vello Cárcere	21.543,86
17RT00022	33381.63200	Investimentos en museos	193.518,68
17RT00026	43200.62300	Aportac.mun. subvención Turismo	5.000,00
17RT00027	44200.62300	Marquesinas Zona Rural	9.800,00
17RT00030	92005.64800	Cotas leasing exercizos anteriores	78.014,00
		CAPÍTULO VII	
17RT00032	15000.74001	A EVISLUSA: equipos informáticos,	3.500,00
10XX00034	16100.72300	Abastecemento de auga a Lugo 1ª fase.	428.550,00
14XX00006	16100.72300	Ampliación do abastecemento de auga a Lugo	21.175,00
07XX0120	16100.72300	Abastecemento auga a Lugo 2ª fase	180.484,00
13XX00013	16100.72300	Colectores Xerais do Río Miño en Lugo	17.072,00
		TOTAIS	1.435.409,54

ESTADO DE INGRESOS Financiamento

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	1.435.409,54

QUINTO.- Aprobar definitivamente, unha vez rematado o prazo de exposición pública para alegacións e resoltas estas, a **Modificación Orzamentaria mediante a modalidade de Suplemento de Crédito (Expdte SC núm 1/2017),**

ESTADO DE GASTOS



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

Cód.Proxecto	Aplicación Orzamentaria	CAPÍTULO VI	Importe
17RT00005	13300.62300	Radiotéléfonos, equipos base, portátiles, repetidores, ...	30.000,00
17RT00006	13300.60900	Bolardos, sinais e outros.	40.000,00
161510001	15100.22699	Aportac.mun. Proxecto LIFE	97.694,00
17RT00009	15300.61900	Peatonalización, humanización e cuberta Quiroga Ballesteros	1.100.000,00
17RT00010	15300.61900	Acondicionamento aparcadoiros disuasorios	350.000,00
17RT00011	15300.61900	Peatonalización Pza. da Milagrosa	220.000,00
17RT00012	15300.61900	Acondicionamento parcela aparcadoiro San Cibrao	119.000,00
17RT00013	15300.61901	Aportac.mun. Plan Prov. único	33.189,32
17RT00014	16100.62300	Abastecem. Domiciliario auga potable	309.919,00
17RT00015	16510.61900	Iluminación Pública Zona Urbana	25.000,00
17RT00018	17100.61901	Contrato valoración de obra Parques e Xardíns	30.000,00
17EDUSI00	24100.60900	Obra Volta da Viña	100.000,00
17RT00019	32000.63200	Investimentos en colexios e E.I.M.	90.249,06
17RT00020	33211.62500	Libros Biblioteca Municipal	6.000,00
17RT00023	33450.63300	Instrumentos Banda de Música	25.000,00
17RT00024	33450.63300	Instrumentos Escola Música	35.000,00
17RT00025	34290.63200	Investimentos en Deportes	80.000,00
17RT00026	43120.63200	Investimentos en Pza. Abastos	30.000,00
17RT00028	45910.61900	Asfaltado de pistas	80.000,00
17RT00029	92002.62600	Investimentos informáticos internos	80.000,00
17RT00031	93301.63200	Investimentos en edificios municipais	50.012,29
		TOTAL	2.931.063,67

ESTADO DE INGRESOS Financiamento

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	2.931.063,67 €

SEXTO.- Aprobar definitivamente, unha vez rematado o prazo de exposición pública para alegacións e resoltas estas, a **modificación das Bases de execución orzamentaria: modificación da Base de execución do orzamento 24.E), Subvencións nominativas. Inclusión da Base de execución núm. 24 bis, aportacións ordinarias a entidades participadas. Modificación do punto 2 da Base 18 j), dedicacións exclusivas e parciais:**

Primeiro. Aprobación da modificación da Base de execución núm. 24.E) das de execución do orzamento vixente:

Base 24.E) Subvencións Nominativas 2017

Aplicac. Presup.	Area	NIF	Finalidade	Importe
23179.48900	SERVICIOS SOCIAIS			
"	Alume Saúde Mental	G27198977	Proxecto Pluriasistencial de apoio e rehabilitación para enfermos mentais	10.000,00
"	Cruz Roja Española	Q2866001G	-Proxecto mantemento piso acollida inmigrantes e emigrantes retornados (6.250 €) - Proxecto actuacións específicas transeúntes e persoas sen fogar (37.207,64 €)	43.457,64
"	Asociación síndrome de DOWN de Lugo	G27202043	Proxecto autonomía persoal e social	5.000,00
"	Asociación de persoas xordas de Lugo	G27021187	Intérprete de lingua de signos: servizo e mantemento	9.500,00
"	Fundación Secretariado Xeral Xitano	G83117374	Programa operativo de Inclusión Social e Economía Social	38.000,00
"	Confederación GALLEGA de Persoas con discapacidade	G32115941	Proxecto fomento da autonomía persoal para a inserción laboral de persoas gravemente afectadas do Concello de Lugo	10.000,00
"	Asociación Española contra el cáncer	G28197564	programa de atención integral ás persoas diagnosticada de cancro de mama.	2.500,00
"	Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias (AFALU)	G27285980	Proxecto actividades de estimulación cognitiva para doentes de alzheimer e outras demencias	10.000,00
"	Asociación penitenciaria Concepción Arenal	G27119809	Xornadas penitenciarias lucenses e servizo de información, orientación e atención social	5.000,00
"	ASPNAIS-Asociación de pais ou titores de persoas con discapacidade intelectual de Lugo	G27018365	Proxecto campamento de verán	16.000,00
"	José Antonio Vázquez Gómez	33.318.564M	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con	2.000,00



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

			discapacidade no Concello Lugo	
"	Ovidio Aira Carreira	33852090T	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello de Lugo	2.000,00
"	José Luis Fraga Martínez	33302112K	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello de Lugo	2.000,00
"	Alberto Vieites Pérez	77595007E	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello de Lugo	2.000,00
"	Miguel Seijas Yáñez	33.329.497J	Mantemento vehículo taxi adaptado para persoas con discapacidade no Concello de Lugo	2.000,00
"	ALUXOR Asociación Lucense de xordos	G27292986	Servizo de intérprete lingua de signos	9.500,00
"	Asociación para a promoción social e cultural de disminuídos físicos (AUXILIA)	G08317059	Proxecto "por aquí movémonos todos: a eliminación de barreiras e a promoción da autonomía persoal	12.000,00
"	ASPACE Asociación de pais de menores paráliticos cerebrais da provincia de Lugo	G27178904	Proxecto de mantemento do local social	5.000,00
"	Asociación de promoción e integración gitana de Lugo	G27017987	Proxecto de mantemento do local social e actividades	10.000,00
"	Asociac.de dano cerebral adquirido sobrevido (ADACE LUGO)	G27337278	Rehabilitación e mantemento das instalacións da sede social	8.000,00
"	Asociación Leticia Cativa	G32298101	Proxecto acollemento estival en familias luguesas de persoas menores rusas afectadas pola radiación de Chernobyl	3.000,00
"	Solidariedade Galega co Pobo Saharaui	G15924558	Proxecto vacacións en Paz	7.000,00
"	Federación de asociacións de familiares e enfermos mentais de Galicia FEAFES-GALICIA	G15545353	Proxecto Servizo de inserción laboral para persoas con enfermidade mental	5.000,00
"	Cáritas Diocesana de Lugo	G27013200	Programa de cobertura de necesidades básicas a persoas emigrantes, acollidas, mulleres e/ou familias empadroadas en Lugo	9.000,00
"	Alcer Lugo	G27015866	Proxecto de mantemento e atención dietética para persoas con enfermidade do Ril	2.500,00

"	Cogami Lugo	G27219773	Progama de información, Orientación e Asesoramento	9.000,00
"	Raiolas-Lugo. Asociación de pais e persoas con trastornos xeralizados do desenvolvemento	G27255991	Escola de familias	2.000,00
"	ALUCEM.Asoc.lucense de esclerosis múltiple	G27209535	Actividades destinadas a persoas afectadas	2.500,00
"	ACADAR.Asoc.de mulleres con discapacidade de GALICIA	G70223417	Emprego e saúde a través do Empoderamento	3.000,00
"	Federac.Galega de Asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento	G36620037	Información e orientación laboral (SIOL) e o servizo de apoio para o emprego (SAE) en Lugo	2.000,00
"	Fundación Anade	G83157818	Semana Cultural sobre la discapacidade en Lugo	2.500,00
"	Asociación galega de Hemofilia	G15220577	Escola de formación para persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas en Lugo	2.500,00
TOTAL				253.957,64
23171.48900 MULLER				
"	Club Emeve	G27041490	Promoción do voleibol feminino	3.500,00
"	SDC Milagrosa	G27152131	campeonato de Liga feminina	2.000,00
"	Club Patíns Lóstregos Lucus	G27267483	Liga Oro feminina jockey liña	2.000,00
"	Asociac.de viuvias Julia Minguillón	G27013697	Talleres autoestima e coidado persoal	1.000,00
"	Club Porta XI Club de Baloncesto-C-08514 (Doce meses doce causas)	G27324284	Torneo cuadrangular Feminino Nadal	3.500,00
"	Club Feminino de Hockey "Meigas"	G27250844	Participación liga e mantemento da escola feminina de patinaxe e hockey liña 2017	3.100,00
"	Club Natación Porta Miña	G27268531	Natación sincronizada 2017: Muller e auga	2.500,00
"	Asociación de mulleres a Casiña de Esperante	G27250356	Obradoiros promoción do benestar social da muller da zona rural de Lugo	1.000,00
"	Club Fútbol Sala Feminino Cidade de Lugo	G27341924	Tempada 2016-2017 práctica deportiva e promoción deporte muller	1.000,00
"	Club Atletismo Lucus	G27033836	Tempada 2016-2017	2.000,00
"	Club Deportivo Adarve Lugo	G27282417	Tempada 2016-2017	1.500,00
"	Asociación pola liberdade Afectiva e Sexual de Lugo (Alas de Lugo)	G27291814	Conmemoración día do orgullo LGTB	2.000,00



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

"	Asociación ARELAS	G27820182	Proxecto e visibilización da diversidade sexual	2.000,00
"	ALIAD-ULTREIA	G27021120	Proxecto piso de acollida Programa Donas	5.260,00
TOTAL				32.360,00
31100.48900	SANIDADE			
	Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo	G27020460	Proxecto de coidado dos animais abandonados, campañas publicidade e colaboración na identificación de cans mediante microchip no termo municipal de Lugo	60.000,00
TOTAL				60.000,00
33000.48900	CULTURA			
"	Grupo cinematográfico "Fonmiña"	G27011865	XXXVI Semana Internacional de Cine de Autor 2017	18.000,00
"	Asociación de amigos do Jazz "Escobijazz"	G27112796	XXIV Festival de Jazz de Lugo 2017	18.000,00
"	Universidade Santiago Compostela (Lugo cultural)	Q1518001A	Proxecto Lugo Cultural 2017	20.000,00
"	Federación de libreiros de Galicia	V15038458	Feira do Libro Novo e Feira do Libro Antigo e de Ocasión	9.400,00
"	Circulo das Artes	G27006238	Gastos de mantemento por celebración de actividades municipais no Salón Rexio Xuven Lugo 2017	5.500,00
"	Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	G27161496	Concurso de Tapas	6.500,00
"	Asociación Prov. de Hostelería	G27021005	Contribuír á conservación e divulgación do legado e memoria de Manuel María	15.000,00
"	Fundación Manuel María	G70109376	Celebración concertos tempada 2017	3.000,00
"	Sociedade Filarmónica Lucense	G27013069	Celebración da Gala das letras- Premios AELG 2017	5.000,00
"	Asociación de escritoras/es en Lingua Galega	G15039936	Celebración carreira pola lingua	4.000,00
"	Asociación Correlingua	G703256683	Festival da Candeloiira	5.000,00
"	Asociación A Candeloiira Lugo	G27462100		3.500,00
TOTAL				112.900,00
34100.48900	DEPORTES			
"	Club fluvial	G27008549	Torneos tenis, piragüismo, natación e outros	20.000,00
"	C.B.Breogan,S.A.D.	A27156496	Tempada 2016-2017 práctica deportiva e promoción deporte	82.500,00
"	Club Porta XI, club de baloncesto.	G27324284	Tempada 2016-2017 e escolas	60.000,00



"	Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial	G27139013	Tempada 2016-2017 práctica deportiva e promoción deporte	33.000,00
"	Club Deportivo Lugo	A27447382	Tempada 2016-2017	82.500,00
"	Asociación cultural e deportiva FEFEME triatlón do Miño	G27268390	Proxecto Triatlón do Miño, Duatlón Lugo e carreiras populares	25.000,00
"	Club Boxing Cidade de Lugo	G27322163	Veladas boxeo práctica deportiva e promoción deporte	10.000,00
"	Prone Lugo, A.D.	G27210376	Tempada 2016-2017 práctica deportiva e promoción deporte	82.500,00
"	Escudería Miño	G27166677	Rallye San Froilán 2017	25.000,00
"	Club ciclista cidade de Lugo	G27242825	Volta ciclista, escola, e gastos tempada	25.000,00
"	Real Aereo club de Lugo	G27008341	Criterium aeronáutico e Campionato de Tiro	7.000,00
"	Club voleibol EMEVE	G27041490	Tempada 2016-2017 práctica deportiva e promoción deporte	45.000,00
"	Federación galega de loita e D.A.	V36651081	Xornada Norte da Liga 2017 práctica deportiva e promoción deporte	2.000,00
"	Club Academia lucense de Balonmán	G27397512	Campus, escolas e torneos	3.000,00
"	Federación galega de Fútbol sala	V15125206	Campionato de España	3.000,00
"	Federación galega de Piragüismo	G36040764	Campionato galego de promoción	1.500,00
"	Federación galega de Atletismo	G15103500	Memorial Gregorio Pérez Rivera	2.000,00
"	Club Ciclista Milagrosa	G27033224	Gran Premio Ciclista práctica deportiva e promoción deporte	3.500,00
"	A.P.S.X.Sagrado Corazón	G27118934	Torneos e Campus	2.000,00
"	C. B. Estudiantes	G27032127	Tempada 2016-2017 práctica deportiva e promoción deporte	15.000,00
"	Club Baloncesto Cidade de Lugo	G27344423	Campus	2.500,00
"	A Venatoria de Lugo	G27007970	Memorial Manolo Rouco e Torneo San Froilán	2.000,00
"	A.D. Polvoreira	G27422773	Torneo F-7	6.000,00
"	Gestop Rallie Team	G27384668	Gastos tempada	4.000,00
"	Sociedade Cultural e Deportiva Milagrosa	G27152131	Torneo Reyes e Campus	3.500,00
"	Asociación Deportiva Cultural Sagrado Corazón	G27183631	Torneo Fútbol verano	3.500,00
"	Asociación Lucense Automóviles Antiguos e Clásicos	G27337245	Rallye automóviles clásicos	2.000,00
"	Club Ciclista Correcamiños	G27236736	Rallye ciclista MTB	3.000,00
"	Club de Golf Lugo	G27421684	Torneo San Froilán e Torneo Concello	3.500,00



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

"	Club Lugo Fórmula	G27354620	Gastos Tempada 2016-2017 . Práctica Deportiva e Promoción do Deporte	4.000,00
"	C.D.Casás	G27038686	Gastos Tempada 3ª nacional	4.000,00
"	Club de Padel Hotel Santiago	G27350230	Torneo San Froilán 2017	1.500,00
"	Club Billar Tempos Modernos	G27291632	Torneos San Froilán 2017	1.500,00
"	Club Padel Nuestro	G27377571	Torneo 2017 práctica deportiva e promoción deporte	1.000,00
"	Club Tenis de Mesa Dez Portas	G27346436	Torneos e Campus	1.000,00
"	Club Arco Muralla	G27355726	Torneos práctica deportiva e promoción deporte	1.500,00
"	Círculo de las Artes	G27006238	Torneo San Froilán 2017	1.000,00
"	Muralla Rugby Club	G27103423	Torneo San Froilán 2017 práctica deportiva e promoción deporte	1.500,00
"	Club Patíns Lóstregos Lucas	G27267483	Torneo San Froilán e Arde Lucas	2.000,00
"	Squash Muralla de Lugo	G27376318	Torneo práctica deportiva e promoción deporte	1.000,00
"	Escola Luguesa de Xadrez	G27211960	Torneos e escolas	3.000,00
"	Club Billar Anviar	G27232313	Torneos práctica deportiva e promoción deporte	1.000,00
"	Club Os Troiteiros	G27172097	Campionatos de pesca	2.000,00
"	Escola Lucense Tiro con Arco	G27387281	Escola e Torneos	1.000,00
"	Club Tenis as Termas	G27419423	Torneo práctica deportiva e promoción deporte	1.500,00
"	Club Lugo Esgrima	G27355957	Torneo San Froilán e escola	1.000,00
"	Club Lume Beisbol	G27246693	Escola e Torneo San Froilán	5.000,00
"	Alcer Lugo	G27015866	Promoción do deporte e saúde	1.500,00
"	C.D.Adarve Lugo	G27282417	Torneo Fútbol sala	1.000,00
"	Asoc.Deportiva Cultural	G27423359	Torneo práctica deportiva e promoción deporte	2.000,00
"	Descubriendo Lugo	G27388867	Campionato de Baile	3.000,00
"	Club Star Dance	G27286194	Torneo práctica deportiva e promoción deporte	1.500,00
"	Peña Arbitros 9,15	G27218023	Cursos patinaxe	1.000,00
"	Club Hockey Liña Cabuxos	G27231786	Ligas fútbol 7-torneo primavera	3.000,00
"	C.F.Atlético Abuín	G27268531	Gastos tempada promoción do deporte base	8.000,00
"	C.N.Portamiña Lugo	G27301647	Rutas montañaismo	1.500,00
"	Club Montaña Mustallar	G27483676	Campionato europeo	2.500,00
"	C.D.Ritmo Lugo Dance	G15109267	Sector Noroeste	2.500,00
"	Federación Galega de Jugo	G27168723	Campionato prov. e local de kárate	2.000,00
"	Club Shiham Kárate	G27147081	Torneo S. Froilán	1.000,00
"	Club Gimnasio Senra	G27268887	Torneo	1.000,00
"	Club Xadrez Recatelo	G27451582	campionato internacional de	3.000,00
"	Club Tripenta			

	"	A.D.C.Lugo Sala	G27456623	pentatlón Gastos Tempada 2016-2017	3.000,00
TOTAL					631.500,00
92400.48900		PARTICIPACIÓN CIDADÁ			
"		Xunta de Cofradías de semana santa de Lugo	V27294891	Preparación dos actos da Semana Santa 2017	6.000,00
"		Cruz Roja	Q2866001G	Actividades de primeiros auxilios e transporte sanitario nas manifestacións de carácter cultural, deportivo, festivo ou similares.	22.000,00
"		Asoc. Lugo Monumental	G27150010	Dinamización do mercado municipal	1.250,00
"		Agrupación de consumidores e Usuarios	G27287663	Defensa dos consumidores	1.250,00
"		Asoc. Comerciantes mercado de Quiroga Ballesteros	G27140086	Dinamización do mercado municipal	1.250,00
"		Asoc. Lucense de Industriais de Abastos	G27350461	Dinamización do mercado municipal	1.250,00
TOTAL					33.000,00
ENSINANZA					
32600.46700					
"		Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	S1500072B	Posta en funcionamento e xestión da Escola Infantil 0-3 construída pola FAO	30.000,00
TOTAL					30.000,00

Segundo. Aprobación da modificación das Bases de execución do Orzamento para o ano 2017: Inclusión da Base núm. 24 bis:

Base 24 bis Aportacións municipais para o cofinanciamento das actividades ordinarias ou de explotación para o exercicio 2017 a favor das seguintes entidades e importes, e con cargo ás seguintes consignacións orzamentarias:

Consortio Centro Asociado Uned-Lugo	CIFG27377860	215.000 euros.	32600.46700
Fundación Ferias y Exposiciones de Lugo	CIF G27161496	46.153,85 euros	42200.44900
Sociedade Mercantil EVISLUSA,	CIF A27299080	247.294,52 euros	15000.44901
Fundación Rof Codina	CIF G27182856	92.500 euros	32600.48900

Terceiro. Aprobación da modificación da Base de execución núm. 18.j) das de execución do orzamento vixente:

Modificar o apartado 2 da base de execución núm. 18.j) que quedará como sigue:



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

j) Retribucións e asignacións a membros da Corporación e grupos políticos

(...)

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de **3172,40 euros** mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 10 concelleiros/concelleiras.

- Ó/Á Delegado/a da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico.
- Ó/Á Delegado/a da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes.
- Ó/Á Delegado/a da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua.
- Ó/Á Delegado/a da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión.
- Ó/Á Delegado/a da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal.
- Ó/Á Delegado/a da Área de Goberno de Medio Ambiente.
- Tres concelleiros do Grupo Municipal Popular.
- Un concelleiro do Grupo Municipal Lugonovo.

Así mesmo, dótanse en réxime de dedicación parcial na contía de **1620,31 euros** mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 3 concelleiros/concelleiras (cunha dedicación mínima de catro horas/día de luns a venres):

- Dous concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas.
- Un concelleiro do Grupo Mixto.

Así mesmo, dótanse en réxime de dedicación parcial na contía de 1782,34 euros mensuais e 1458,28 euros en catorce mensualidades aos seguintes 2 concelleiros/concelleiras (cunha dedicación mínima de catro horas e trinta minutos /día de luns a venres e tres horas e trinta minutos/día de luns a venres):

- Dous concelleiros do Grupo Municipal Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía

Aplicarase as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva ou parcial dos/das tenentes/as alcaldes delegados/as de área, concelleiros/as delegados/as ou concelleiros/as nos suposto de redistribución das áreas de goberno, a proposta da Alcaldía Presidencia, sen prexuízo, por unha banda, do devengo dunha única en caso de acumulación de Áreas distintas con dedicación exclusiva ou parcial, e por outra, da reasignación das Áreas definidas en caso de redistribución das mesmas.

SÉTIMO.- Proceder á tramitación que legalmente lle corresponde.

FACENDA LOCAL

2/150 MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 152, REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA:

RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA.- O Excmo. Concello Pleno adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- ESTIMAR EN PARTE as reclamacións formuladas por don David Fernández García en nome e representación da Asociación de Empresarios Lugo Monumental, contra a Ordenanza fiscal número 152, reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública, no tocante ao coeficiente de intensidade C3 o cal se suprime, e desestimar o resto das alegacións, con base nas argumentacións recollidas nos informes do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

SEGUNDO.- ESTIMAR EN PARTE a reclamación formulada por don Hipólito Trinidad Losada en nome e representación da Asociación Provincial de Empresarios de la Construcción de Lugo, contra a Ordenanza fiscal número 152, reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública, tamén no tocante ao coeficiente de intensidade C3 o cal se suprime, e desestimar o resto das alegacións, con base nas argumentacións recollidas nos informes do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

TERCEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE a modificación da Ordenanza fiscal número 152, reguladora das taxas por aproveitamentos especiais da vía pública, quedando os preceptos modificados coa redacción que consta no último informe do Servizo de Facenda Local.

CUARTO.- Proceder á publicación íntegra do acordo definitivo e do texto íntegro da ordenanza fiscal coas modificacións definitivamente aprobadas, mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, cuxo texto completo queda como segue:

“ORDENANZA FISCAL NÚM. 152

TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

Son obxecto desta ordenanza os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público no seu solo, subsolo e voo que a seguir se relacionan, tanto nos casos en que as utilizacións ou aproveitamentos sexan consecuencia de concesións, autorizacións ou outra forma de adxudicación por parte dos órganos competentes da Administración municipal, como nos casos en que tales utilizacións ou aproveitamentos teñan lugar sen as necesarias concesións ou autorizacións:

a) Con motivo da apertura de perforacións, gabias e calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.

b) Con valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.

c) Con colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, silos e outros.

d) Con Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

e) Con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e actividades industriais ou recreativas instaladas na vía pública, e terreos de uso público ou ambulantes.

f) Con motivo de instalación de caixas rexistradoras e de distribución, bocas de carga de combustible, arquetas, báscula, casetas de transformación de enerxía eléctrica, cables, encanamento, farois, escadas de emerxencia e outras instalacións que impliquen ocupación de vía pública no solo, voo e subsolo para usos particulares.

g) Calquera outro aproveitamento especial da vía pública que conceda este Concello.

ARTIGO 3º. OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza:

- 1) As persoas físicas ou xurídicas beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito impoñible.
- 2) Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separados susceptible de imposición.
- 3) Os beneficiarios dun aproveitamento continuado que figuren no correspondente padrón, en tanto non presenten a baixa, aínda no caso de que cesasen no aproveitamento, mesmo cando o cesamento no dito aproveitamento se deba a causas non imputables ó contribuínte.

ARTIGO 4º.TARIFAS.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza será a que figure nos epígrafes que seguen, segundo o tipo de aproveitamento, superficie ou lonxitude de ocupación, duración desta e categoría fiscal da rúa:

Epígrafe A: Perforacións e gabias e calquera remoción de pavimentos e beirarrúas.

a) Para acometidas á rede de auga e saneamento municipais:

A cota por aboar será o 50 por cento da valoración resultante dos puntos B.4) e B.5), respectivamente, do artigo 92.4 da Ordenanza fiscal xeral.

b) Para as restantes:

Por m² ou fracción por día.

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	10,49 €	7,31 €	5,34 €	3,65 €	2,07 €

Epígrafe B: Valados, puntais, estadas e outras instalacións axeitadas para a protección da vía pública das obras lindeiras.

Por m² ou fracción e cada 15 días ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	1,79 €	0,49 €	0,34 €	0,21 €

Unha vez rematado o prazo de ocupación sinalado na licenza deberá o interesado solicitar a correspondente baixa da ocupación nas Oficinas de Policía Urbana e Transportes ou, de ser o caso, solicitar a correspondente prórroga. De non se cumpriren estes requisitos aplicarase o seguinte:

As cotas deste epígrafe serán obxecto da recarga do 50% unha vez rematado o prazo fixado na licenza e nos tres meses seguintes. O tempo que exceda de tres meses aplicarase á cota inicial do epígrafe a recarga do 100%.

Epígrafe C:

a) Areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón, silos, plataformas elevadoras, estadas eléctricas monomástil e outros:

Por m² ou fracción e día ou fracción:



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
	0,12 €	0,03 €	0,02 €	0,01 €

b) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, que se esixirá en réxime de autoliquidación:

Colectores: Por m² ou fracción e día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,61 €	0,49 €	0,36 €	0,36 €	0,36 €

Sacos (ata 1,2 x 1,2 m²): Por día ou fracción:

Categorías	1ª	2ª	3ª	4ª	5ª
	0,97 €	0,73 €	0,49 €	0,49 €	0,49 €

Epígrafe D: Mesas e cadeiras provistas ou non de toldos ou elementos semellantes para protección.

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
Tarifa anual (ano natural), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	19,32 €	5,28 €	3,72 €	2,28 €
Tarifa semestral (de maio a outubro, ambos inclusive), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	9,74 €	2,66 €	1,88 €	1,15 €
Tarifa trimestral (de xullo a setembro, ambos inclusive), por cada m ² ou fracción de terreo de uso público:	7,30 €	2,00 €	1,41 €	0,86 €

No caso de que existiran toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

A superficie autorizada deberá de ser acotada pola Policía Local mediante pequenas escuadras pintadas no chan, co obxecto de facilitar a inspección da superficie realmente utilizada.

Epígrafe E: Postos, barracas, casetas de venda, espectáculos e actividades industriais ou recreativas instaladas ou ambulantes.

A) Postos, barracas, espectáculos ou atraccións:

Por metro cadrado ou fracción de terreo ocupado por día.	0,88 €
--	--------

B) Industrias ou actividades da rúa e ambulantes:

1. Artesáns que fabrican as súas propias mercancías, por m ² ou fracción e día.	0,33 €
2. Actuacións circenses e outras semellantes, por día.	85,85 €
3. Exposicións de animais e outras semellantes, por día.	85,85 €
4. Outros ocupantes dedicados á venda de mercancías ou á prestación doutros servizos, por metro ou fracción e día.	2,16 €

A superficie computable será a que ocupe o posto máis unha franxa de terreo de 1 metro de ancho paralela á liña exterior do mostrador.

Os titulares destes aproveitamentos están obrigados a ter consigo a tarxeta identificadora para os efectos de comprobación pola Policía municipal e polo Servizo de Facenda Local.

Así mesmo, será necesario obter a tarxeta que autoriza o aproveitamento, previo pagamento a través de autoliquidación da taxa correspondente segundo o número de mercados autorizados.

C) Festas de San Froilán:

Dado o carácter específico e consuetudinario das ditas festas, e a especialidade desta ocupación do dominio público, na determinación do importe desta taxa aplicaranse os seguintes criterios e parámetros:

Atendendo ó tipo de atracción e metro lineal da ocupación establécense as seguintes tarifas:

Atraccións de azar, por metro lineal ou fracción.	568,87 €
Carruseis, por metro lineal ou fracción.	487,60 €
Espectáculos, por metro lineal ou fracción.	406,34 €
Degustacións, por metro lineal ou fracción.	325,07 €
Atraccións de habilidade, por metro lineal ou fracción.	243,80 €
Postos de venda, por metro lineal ou fracción.	162,53 €

Excepcionalmente, poderán determinarse unhas dimensións fixas á parcela obxecto de ocupación (posto) con independencia de cal sexa a ocupación real. Neste caso a determinación da tarifa será o resultado da aplicación do cadro anterior coa posibilidade dun incremento ou dunha diminución de ata un 20 por cento da tarifa así calculada.

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

Dentro dos distintos tipos de atracción, poderán contemplarse ata tres categorías e, atendendo a estas, á tarifa contemplada no cadro e parágrafo anteriores poderá aplicárselle un coeficiente de incremento de ata o 100 por cento ou unha diminución de ata o 50 por cento.

Así mesmo, poderán contemplarse ata tres categorías de situación en función da afluencia de público, situación, etc, e atendendo a esta, á tarifa calculada no parágrafo anterior poderá aplicárselle unha redución do 50 por cento ata un aumento do 100 por cento.

Atendendo á forma de adxudicación elixida (poxa, concurso ou adxudicación directa), poderá, así mesmo, aplicarse un incremento ou unha diminución das tarifas resultantes pola aplicación dos anteriores criterios de ata un 20 por cento.

Con ocasión da aprobación do proxecto de feira, o órgano competente confeccionará e aprobará o cadro de tarifas resultante da aplicación destes criterios e que servirá de base para a determinación do canon de ocupación.

Nos procedementos de licitación por poxa, este canon de ocupación terá o carácter de “prezo de saída” e o importe final da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaía a adxudicación.

Epígrafe F: Ocupación do solo, voo e subsolo.

1) APROVEITAMENTO DO SUBSOLO

1.A) INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS SUBTERRÁNEAS.

1.A.1) ALTA TENSIÓN

Por cada metro lineal ou fracción de condución, canalización eléctrica subterránea de media ou alta tensión.

Metro lineal.	0,36 €
---------------	--------

1.A.2 TRANSFORMADORES:

Categorías	1ª e 2ª	3ª	Outro terreo núcleo urbano	Fóra núcleo urbano
1. Ata 25 kW	48,31 €/u	36,38 €/u	24,09 €/u	16,02 €/u
2. De 26 a 50 kW	80,33 €/u	60,08 €/u	40,07 €/u	28,288€/u
3. De 51 a 100 kW	160,13 €/u	116,70 €/u	80,33 €/u	48,30 €/u
4. De máis de 100 kW	281,38 €/u	221,09 €/u	120,56 €/u	80,33 €/u

1.A.3 ELEMENTOS DE DERIVACIÓN E ARQUETAS DE ALTA TENSIÓN.

Elementos de derivación	28,28 €/u.
Arquetas	80,21 €/u.

1.A.4 BAIXA TENSIÓN.

Por cada m lineal ou fracción de conducción, canalización eléctrica de baixa tensión.

Ata 10 m m ² de sección nominal	0,08 €/metro
De 16 a 95 m m ²	0,13 €/metro
De 120 a 500 m m ²	0,15 €/metro
De 630 a 1.000 m m ²	0,29 €/metro

1.A.5 ELEMENTOS DE DERIVACIÓN E ARQUETAS BAIXA TENSIÓN

Caixas de distribución	20,20 €/u.
Arquetas	40,15 €/u.

1.B) ENCANAMENTOS PARA AUGA:

Por metro lineal ou fracción:

Ata 50 mm de diámetro	0,13 €
De 51 a 150	0,24 €
De máis de 150	0,30 €

1.C) LUCERNARIOS OU MOEGAS DE BEIRARRÚAS PARA SERVIZO DE EDIFICIOS

Por metro cadrado ou fracción:

En rúas de 1ª e 2ª categoría.	20,56 €
En rúas de 3ª categoría.	8,09 €
Outros terreos do núcleo urbano.	5,53 €
Terreos fóra do núcleo urbano.	3,24 €

1.D) DEPÓSITOS

Por metro cúbico de volume ou fracción:

	Para combustibles	Outros depósitos
--	-------------------	------------------



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

Rúas 1ª e 2ª:	20,56 €	16,34 €
Rúas 3ª:	16,34 €	8,09 €
Outros terreos núcleo urbano:	8,09 €	4,18 €
Fóra núcleo urbano:	5,70 €	3,33 €

2) APROVEITAMENTO DO SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Roscas de ás ou soportes de condución aérea, unidade.	0,13 €
Postes de formigón armado, unidade.	13,38 €
Postes de estrutura metálica, unidade.	26,77 €
Caixas de distribución, unidade.	6,71 €
Transformadores eléctricos.	33,49 €
Aparellos subministradores de gasolina.	335,83 €

As grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas na vía pública e cuxo brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, serán gravadas coas seguintes tarifas:

Categorías	1ª	2ª	3ª e 4ª	5ª
1 mes	89,32 €	24,41 €	17,20 €	10,54 €
2 meses	178,64 €	48,82 €	34,40 €	21,08 €
3 meses	267,96 €	73,23 €	51,60 €	31,62 €
4 meses	327,51 €	89,50 €	63,07 €	38,65 €
5 meses	387,06 €	105,77 €	74,54 €	45,68 €
6 meses	446,61 €	122,04 €	86,01 €	52,71 €
Por cada mes, a partires do sexto mes:	59,55 €	16,27 €	11,47 €	7,03 €

No caso de grúas, grúas-torre ou instalacións análogas utilizadas na construción, instaladas en terreos particulares e cuxo brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera parte do voo da vía pública, tributarán polo 75% das tarifas anteriores.

Cando a grúa, grúa-torre ou instalación análoga utilizadas na construción estean instaladas no interior dun espazo delimitado por valados, só se aplicará a taxa regulada no epígrafe B) deste artigo, sen prexuízo da liquidación da taxa que proceda pola ocupación do voo do dominio público municipal realizado pola grúa empregada na construción, conforme o presente epígrafe, sempre que o voo exceda do perímetro acoutado polo valado.

3) OUTROS APROVEITAMENTOS

Básculas automáticas e outros aparellos automáticos para venda.	68,12 €
Anuncios realizados mediante globo ou aeronave, propaganda	

arrastrada ou tirada dende eles ás vías públicas. Por cada establecemento ou produto anunciado e día.	105,36 €
Anuncios sonoros circulantes, por día e vehículo.	3,24 €
Instalación de valos publicitarios, lonas en edificacións e monopostes anunciadores, ocupando terreos de dominio público local: - Valos publicitarios, por metro cadrado e ano: 3,79 € - Valos publicitarios de 8 metros e catro soportes, por ano: 272,30 € - Lonas en edificacións, por metro cadrado e ano: 7,56 € - Monopostes anunciadores, por metro cadrado e ano: 11,35 € Os requisitos e condicións esixibles nestes aproveitamentos especiais da vía pública serán os seguintes: 1. A instalación de valos, lonas e monopostes contará coa debida autorización municipal. 2. Existirá sempre unha identificación visible da empresa propietaria. 3. As instalacións contarán cun seguro de responsabilidade civil. 4. Estarán sempre en bo estado de conservación, mantemento e limpeza. 5. Os valos terán un marco dunha anchura de 25 cms, pintado de cor. 6. Os valos serán sobre soportes introducidos nunha base de formigón a unha profundidade mínima de 0,75 metros. 7. O soporte das lonas estará debidamente afirmado na parede e as cordas de suxeición contarán coa resistencia adecuada. 8. Os monopostes contarán con proxecto e dirección de obra e a súa colocación farase a unha distancia de edificios e da vía pública dun mínimo que será o resultante da altura total do monoposte máis 5 metros.	

4) EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACIÓN

1. Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, en prol de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente dentro do termo municipal as citadas empresas.

Para estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras dos ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles. Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

Este réxime especial de cuantificación aplicaráselles ás empresas a que se refire este parágrafo, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que efectúan as subministracións como se, non sendo titulares das ditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a elas.

As ditas taxas son compatibles con outras que se establezan pola prestación de servizos ou pola realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1.b) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, quedando excluída, polo pago desta taxa, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido ós usuarios dos servizos de subministración.

2. Terán a consideración de ingresos brutos, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, os que, sendo imputables a cada entidade, se obtiveran por esta como contraprestación polos servizos prestados no termo municipal.

Non se incluírán no concepto de ingresos brutos procedentes da facturación os impostos indirectos que os graven, nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

3. Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar as subministracións deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás súas redes. As empresas titulares das ditas redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

4. A contía destas taxas que puidese corresponder á Telefónica de España, S.A., está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o punto 1 do artigo 4 da Lei 15/87, do 30 de xullo.

ARTIGO 5º. OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.

1. A obrigación de pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza nace:

a) Cando se trate de autorización de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza ou no momento de comezar aqueles, no caso de non contar con licenza.

b) Cando se trate de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día no que se solicite a prórroga.

2. O pagamento das taxas realizarase:

a) No caso de novos aproveitamentos, no momento de autorizar a licenza, polo procedemento de autoliquidación nas oficinas de Facenda Local e depósito previo na Tesourería municipal.

b) No caso de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, ingresárase a contía correspondente ó período anual, para o que o Concello requirirá anualmente para o seu pagamento a través de anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

c) As empresas explotadoras de servizos de subministración ingresarán polo procedemento de autoliquidación, no primeiro mes de cada trimestre, o importe da taxa correspondente ó penúltimo trimestre a aquel no que efectúen o pagamento.

A autoliquidación practicada no mes de xaneiro terá o carácter "a conta" da liquidación anual. A autoliquidación practicada en xullo deberá ir acompañada do balance de situación e conta de explotación da entidade, relativos ó exercicio precedente, certificados polo presidente do consello de administración así como informe de auditoría, onde conste expresamente a facturación correspondente ó termo municipal de Lugo no citado período.

3. Transcorridos os prazos establecidos no punto anterior e o que fixe o Concello para pagos anuais, as taxas exaccionaranse pola vía de constrinximento.

4. Poderán establecerse concertos semestrais ou anuais para a exacción do gravame que afecte á ocupación da vía pública con colectores. Neles poderán ser tidos en conta circunstancias de beneficio social, derivadas do desenvolvemento no uso dos colectores.

5. A exacción do gravame que afecte ós aproveitamentos especiais da vía pública será a establecida no correspondente concerto coa empresa subministradora do gas.

ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Para gozar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas da vía pública, as persoas interesadas deberán solicitar a oportuna licenza. Esta solicitude



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

deberá de presentarse como mínimo con 2 meses de antelación ao inicio da ocupación nos casos de mesas e cadeiras por prazo semestral ou trimestral (data límite 28 de febreiro e 30 de abril, respectivamente).

No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as licenzas mediante poxa ou concurso conforme ó prego de condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 desta ordenanza.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse segundo o disposto no Regulamento de bens das entidades locais aprobado polo Real decreto 1372/86.

As autorizacións para a ocupación de terreos de uso e servizo público con motivo dalgunha das festas que se celebran no municipio, despacharanse mediante poxa ou concurso, e os ingresos destinaranse ós fins de tales festas.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán formular simultaneamente á solicitude de licenza, a declaración de lonxitude, superficie, elementos a instalar, plano de planta e todos aqueles datos que se consideren necesarios para practicar a liquidación.

3. As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e NIF ou razón social, e CIF do solicitante, enderezo e situación do aproveitamento.

4. Os servizos técnicos deste Concello informarán e liquidarán as solicitudes presentadas polos interesados e as licenzas concederanse conforme as normas vixentes no Concello en relación co tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras.

5. Ós efectos de practicar a liquidación, se o aproveitamento está situado na confluencia de varias rúas, aplicarase a tarifa correspondente á rúa de categoría fiscal superior, e se está situado en parques e xardíns públicos, aplicarase a categoría da rúa de maior categoría coa que linden.

6. Non poderá gozarse dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe da taxa e fose outorgada a correspondente licenza.

7. Entenderase autorizada a ocupación polo tempo que figure na licenza e no caso de aproveitamentos de duración indeterminada, mentres a Alcaldía non acorde a súa caducidade ou o interesado non presente a baixa.

8. As declaracións de baixa dos aproveitamentos prorrogados ou continuados producirán efectos no ano seguinte a aquel en que fosen formuladas.

9. No caso dos aproveitamentos que figuran nos epígrafes A, B, C e E, do artigo 4º os titulares das licenzas deberán depositar antes de retirar a licenza, fianza para responder dos posibles danos que poidan ocasionarse na vía pública, dos posibles gastos de reconstrución ou reparación da vía pública, na contía que determine a Ordenanza fiscal xeral ou de ser o caso, os departamentos de Urbanismo, Seguridade e Tráfico segundo corresponda.

10. Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial levase consigo a destrución ou estrago do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que procedese, estará obrigado a deixar en perfecto estado o dominio público empregado. A Inspección municipal acreditará este punto, e, no caso de informe negativo, o Concello realizará as obras de reconstrución ou reparación a cargo do titular e procederá ademais á imposición de sanción conforme ós artigos 139 e seguintes da Lei 7/1985.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do estrago causado.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros ós que se refire este punto.

11. O Concello procederá a liquidar de oficio as taxas que procedan como consecuencia das utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público municipal realizadas sen a correspondente autorización ou licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela, sen prexuízo do que resulte do procedemento sancionador a que puidera dar lugar a utilización privativa ou o aproveitamento especial sen licenza e sen prexuízo, tamén, das sancións que puideran impoñerse como consecuencia das infraccións tributarias a que o dito proceder puidera dar lugar.

O ingreso da cota liquidada non faculta para a utilización privativa ou para o aproveitamento especial do dominio público municipal, que só poderán ter lugar mediante as licenzas, autorizacións ou concesións outorgadas ó efecto.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e demais normas concordantes de réxime local, e subsidiariamente os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén se aplicarán directamente os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral e a Ordenanza municipal de protección ambiental.



ACTAS E GOBERNO

JDR/mbfc

Refª: 17extractoap08

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 18-8-2017

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Establécese unha bonificación do 95% na Taxa polo aproveitamento especial da vía pública para as instalacións das estadas reguladas no epígrafe B) do artigo 4º que se destinen ó pintado e tratamento de fachadas, sen prexuízo de que o interesado deba solicitar igualmente a oportuna autorización municipal.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, comezará a aplicarse ese mesmo día e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Contra o presente acordo definitivo, que é firme na vía administrativa, ó abeiro do establecido no artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, poderá, de ser o caso, interpoñerse unicamente recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza) no prazo de dous meses contados a partir da dita publicación no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Asinado polo Técnico de Administración Xeral e Adxunto do Servizo de Urbanismo, Justo Díaz Rodríguez, que actúa como Vicesecretario accidental, de acordo coa Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 2 de xuño de 2017.